



XVI festival de bandas

- Banda de Pola de Siero
- Banda municipal de Agolada
- Banda municipal de Ribadeo

25 xullo 2010
19:30 h. Pasacalle.
Deseguido, concerto
na Praza da Música

Banda de Música ASOCIACIÓN SIERENSE DE AMIGOS DE LA MÚSICA

CURRÍCULUM DO DIRECTOR, ALFONSO SÁNCHEZ PEÑA.

Nace en Oviedo. É titulado en piano, clarinete, armonía, contrapunto e fuga e composición. Cursou, entre outros, estudos de dirección de orquestra e improvisación. Como compositor ten obras para piano, voz e piano, orquestra, banda de música, coro...

Impartiu cursos sobre numerosas materias musicais e é autor de varios libros sobre improvisación e acompañamento, materias das que foi catedrático no Conservatorio Superior de Música "Eduardo Martínez Torner" de Oviedo hasta a súa recente xubilación.

Dirixe a Banda de Música e a Escola de Música da Asociación Sierense de Amigos da Música dende a súa fundación en 1984.

PROGRAMA.

- El tío Caniyitas (pasodoble) R. Dorado.
- Brazil. Barroso & Scheffer.
- La Rapacina (fantasía sobre motivos populares asturianos). E. Reñe.
- Frank Sinatra en concerto (Popourri). N. Studnitzky.
- Fandango. F. Perkins.

BANDA MUNICIPAL DE AGOLADA

CURRÍCULUM DO DIRECTOR. NILO JESÚS GARCÍA ARMAS.

Nace en Maracaibo (Venezuela) en 1981. Comeza os seus estudos musicais á idade de 8 anos no Conservatorio da Coruña. Tras esta formación inicial, trasládase á cidade de Pontevedra para compaxinar os estudos de clarinete coa diplomatura de Educación Musical. Posteriormente ingresa no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde estuda, cos profesores Roberto Roche e Fco. Pérez. Remata os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, con Vicente Pérez Planells.

Realizou diversos cursos de técnica e interpretación con profesores como Manuel Juan López, Juan Navarro, Lars Wouters, Hans Deinzer entre outros.

Como solista participou coa Orquestra Sinfónica de Melide, así como coa Orquestra de Cámara Galega, estrenando unha ópera no Teatro da Maestranza en Sevilla no ano 2006.

Realizou cursos de dirección con Marcel Van Bree e Pascual Villaplana.

Colaborou con numerosas bandas de Galicia e é membro fundador do cuarteto de Clarinetes Stadler.

Actualmente e tras aprobar as oposicións como profesor de conservatorio, é director e profesor da Escola Municipal de Música de Agolada (Pontevedra), ademais de director da Banda de Música Municipal de Agolada dende xaneiro de 2007.

PROGRAMA.

- Fina Blasco. R. Taléns.
- Pilatus: Mountains of Dragons. S. Reineke.
- Ireland: of Legend and Lore. Robert W. Smith.

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

CURRÍCULUM DO DIRECTOR. DAVID BALLESTER MARTÍNEZ.

Nace en Betanzos, onde inicia o seus estudos musicais con Juan A. Ferrer, clarinete solista da Orquestra Sinfónica de Galicia. Máis tarde acede ao conservatorio de A Coruña onde remata os seus estudos de clarinete.

Realiza cursos de clarinete con mestres como: David Campbell, Guy Deplus, Joan Enric Lluna, Enrique Pérez Piquer e outros máis. Tamén fixo cursos de dirección de banda cos mestres Jan Cober e J.L. Vilaplana, así como de pedagogía co catedrático do Conservatorio de Madrid.

Foi clarinete solista na Banda de Ferrol e Banda Municipal de Betanzos. Participou en diferentes grupos de cámara e colaborou asiduamente con diferentes bandas a nivel nacional.

Na actualidade é mestre de clarinete na EMMedR, director da Banda Municipal de Ribadeo e membro do cuarteto de clarinetes Stadler.

PROGRAMA.

- Maido. J.R. Pascual-Vilaplana.
- Airiños Aires. G. Freire.
- O Pantasma da Ópera. Arr: Johan de Meij.